

RESUMO DA REUNIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PROCESOS LEI 20/21

Santiago de Compostela 27/12/2022

OPE LEI 20/2021

Os erros que puideran ser detectados, tanto nas convocatorias como nas listaxes de postos, que se publicarán, logo de ser alegados, **serán corrixidos ata o día 16 de xaneiro**.

Trátase de **procesos selectivos abertos** que serán realizados de forma exclusiva **sen acumularse a outro tipo de procesos selectivos**.

Está prevista a devolución de taxas, para aquelas persoas que na **actualidade estean a realizar probas** selectivas da administración xeral e **acaden praza no proceso**, para elo intentarán acelerar o máximo posible os procesos convocados.

No **primeiro semestre do 2023** publicaranse **todas as listas que están pendentes** e que derivan dos procesos anteriores, para poder ir avanzando na elaboración das listas dos procesos de estabilización.

No **1º trimestre** publicaranse o **nomeamento de tribunais**. A partir do **10 de febreiro**, **prevén ter os datos** daquelas **persoas que teñen que realizar a proba de galego**. Aquelas especialidades, escalas ou categorías nas que ningunha persoa candidata teña que realizar a proba sairán antes que aquelas onde si teñan que realizala.

Antes do 16 de xaneiro publicarase unha **guía-cuestionario aclaratoria das dúbidas e preguntas máis frecuentes** en relación cos procesos.

Esta semana comeza a publicación na web de Función Pública dos listados de códigos de prazas por escalas e categorías, con 4 díxitos de DNI e iniciais nominais. Explican que aquí pódese dar a casuística de que quen ocupa a praza na actualidade non sexa a mesma que a ocupaba a 31/12/21, facendo a advertencia de que procederán ao análise das alegacións que se acheguen.

Hoxe mesmo, confirma que se **engadiron 39 prazas en concurso e 7 en concurso-oposición das alegacións dos sindicatos**. Hoxe non envían o listado das modificación das prazas do Decreto de OPE, para incluír esta ampliación, enviarase o antes posible como provisional, xa que ata o 9 de xaneiro podemos achegar alegacións e ata a nova publicación o 16 de xaneiro pode sufrir variacións.

Ata o 9 de xaneiro hai prazo para alegar a cada unha das cuestións referidas as prazas que se estime, así si se considera que falta algunha.

O **cómputo de servizos prestados de determinado persoal de incendios, do persoal transferido, a inclusión de Ministerios na formación puntuable, será incluída na ampliación de criterios** a aplicar nunha **resolución do día 16 de febreiro**, polo que temos de prazo ata o 9 para revisar códigos de postos e as consideración que vexamos, a maiores das indicadas.

OUTRAS CUESTIÓNS:

- **Modificacións de RPT:** sobre 6 prazas dos Grupos I e III, para poder dar tomas posesión a persoas que aproban recentemente procesos selectivos, efectuando un cambio réxime xurídico da praza para oferta.
- **OPE social:** Remitirán por correo electrónico ás OOSS o que está previsto publicar proximamente que, como mínimo, está a presentación de documentación nos procesos de Medicina e Fisioterapia.
- **Orde de integración do persoal laboral fixo do CGSIB:** prevista a publicación en DOG o vindeiro día 5 de xaneiro.
- **RPT de funcionarización do Grupo V:** teñen prevista a súa aprobación no mes de xaneiro.
- **RPT de funcionarización de BBFF:** están rematando a parte económica da mesma, onde a previsión é que non leve ningún posto, complemento de funcionarización.

CONSIDERACIÓNS DE UGT:

- A necesidade de **revisar a nota de corte na fase de oposición de concurso-oposición.**
- A **valoración de servizos ponderada do persoal fixo-descontinuo** de Residencias de tempo libre de Carballiño e Patos, xa que outro persoal fixos-descontinuo ten unha baixada na puntuación de corte no concurso de 30 a 10. Os contratos a tempo parcial tamén debería ter unha ponderación non a mera proporcionalidade.
- Sobre o **persoal transferido**, para **UGT** non xera ningún tipo de dúbidas sobre o cómputo total da súa experiencia laboral, non só desde que se realiza a transferencia á Xunta de Galicia.
- As **13 prazas de Axentes do C2**, suprimidas da oferta, reiteramos, como na anterior reunión, que en tanto que foron ofertadas por listas deben ser tidas en consideración para a súa estabilización, aquelas sobre as que se poda aplicar o ámbito da Lei 20/2021.
- **Titulacións requiridas:** Alegaremos a titulación da escala de **xerocultor/a** en tanto a LEPG determina a este respecto: titulación que habilite para a realización de funcións inherentes a esta escala, considerando que debe ser o título que se indica tamén para a inclusión en listas: Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería ou equivalente ou Técnico/a de atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente.
- Alegaremos, o **incorrecto encadramento de determinadas prazas do CGSIB**, que aparecendo no Subgrupo A1 de corpo xeral deberan estar encadradas en prazas de pedagogo/a ou psicólogo/a, non ten sentido o encadramento realizado.
- Advertimos dun **erro na base III.2**, ao referirse aos méritos alegados á data da convocatoria, dos procesos de concurso: faise alusión so aos de experiencia profesional, deixando fora aos outros méritos (formación, galego e probas superadas) deben referirse a todos os méritos.
- Ao respecto desta mesma base, preguntamos polo **procedemento** que debe establecer Función Pública para a **acreditación dos méritos.**

FUNCIÓN PÚBLICA RESPOTA QUE:

- Revisaranse as equivalencias e requisitos.
- Remitirán informe da Consellería de Educación sobre titulacións equivalentes para postos de Técnico/a de xardín de infancia.
- Revisarán requisitos titulación de xerocultor/a.
- Completarán o informe provisional cos cambios e incrementos de prazas o antes posible.
- As prazas ofertadas pasan de 5.124, que había na OPE, a 5.686.
- Os procesos son 217: 153 por concurso y 64 por concurso-oposición